

## ANTONIO LOPEZ RODRÍGUEZ, Arquitecto ó servizo do Concello de Aranga

A requirimento do Alcalde Presidente do Concello de ARANGA, en relación ó procedemento aberto da adxudicación das obras incluídas no proxecto **MODIFICADO MEJORA DE LA PAVIMENTACIÓN DE VIALES EN LA PARROQUIA DE ARANGA** financiada con cargo ao PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019-2020 a realizar no Concello de Aranga, vista a documentación presentada por CONSTRUCCIONES ROCHA CORRAL, S.L

### I N F O R M O

Que vistas as distintas ofertas económicas presentadas (08) resultou que, segundo o PREGO-TIPO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERAN DE REXER PARA A CONTRATACION MEDIANTE PROCEDUREMTO ABERTO SIMPLIFICADO (MEDIANTE A APLICACION DE FORMULAS) DA OBRA, que rexen a presente contratación, incluída no PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019-2020, resultou que, a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES ROCHA CORRAL, S.L foi considerada como desproporcionada ou anormal (temeraria), requiríndolle a empresa indicada xustificación da mesma de acordo co previsto no Prego de cláusulas administrativas particulares.

A xustificación deben conter o disposto nas cláusulas do PCAP co fin de rachar a presunción de temeridade na oferta.

CONSTRUCCIONES ROCHA CORRAL S.L (en diante Rocha Corral), presenta a documentación dentro no prazo fixado de días naturais a contar dende o seguinte á recepción do requirimento de xustificación de baixa desproporcionada.

Ao abeiro da Lei 9/2017 de Contratos do sector público no seu Artigo 149.

En xeral serán rexeitadas aquelas ofertas incursas en presunción de anormalidade se están baseadas en hipóteses ou practicas inadecuadas dente unha perspectiva técnica, económica ou xurídica.

Igualmente ao abeiro deste informe se entenderá, en todo caso, que a xustificación non explicará satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipóteses e afirmacións xeneralistas non xustificadas en detalle ou prácticas inadecuadas dende o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

Rocha Corral con carácter xeral xustifica a súa oferta baseándose en que posúe maquinaria propia (evitando alugueres, persoal adecuado e suficiente para este tío de obras (evitando subcontratación), experiencia en obra (apórtase clasificación e certificados de boa execución asinados), bo rendemento debido a súa ampla experiencia , e diminución nos tempos de execución en base á cercanía da obra, a súa sinxeleza e amplo coñecemento da zona onde se levarán a cabo os traballos.

O licitador con oferta inicialmente con valor anormalmente baixo, dentro do prazo concedido para o efecto deberán presentar para xustificar ou non a oferta, por medios electrónicos, e asinada electrónicamente, a seguinte documentación:

1. *Xustificación dos prezos ofertados:*

A. *Materiais*

A.1. *Compra.*

. *Carta de compromiso dos provedores.*

Axúntanse cartas de compromiso asinadas de :

ARIDOS DE REBOIRA S.A axuntandose prezos para:

Area 10,00 euros/m<sup>3</sup> (a pe de obra).

Gravilla 05/08: 9,75 euros/m<sup>3</sup> (a pe de obra).

Gravilla 12/16: 9,50 euros/m<sup>3</sup> (a pe de obra).

Zahorra Artificial 3,50 euros/Tn a pe de obra).

PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U ofertando o suministro de produtos bituminosos, en concreto:

Emulsión asfáltica C65B3 (ECR-2) 300 euros/Ton

. *Prezos unitarios detallados.*

Axúntanse prezos unitarios detallados xustificados para todas as unidades.

Empréganse os prezos sinalados no apartado de custos de materiais a través das cartas de compromiso, e os prezos propostos para persoal e maquinaria que, dado que non se produce aluguer no caso da maquinaria, e que se atopan dentro dos marxes convenio da construción a efectos da redacción deste informe consideráanse como válidos para a xustificación da oferta.

Non obstante para a consecución da oferta, modificáronse de xeito significativo os rendementos tanto de persoal coma de maquinaria sobre os sinalados en proxecto, sen xustificación da obtención dos novos resultados nin un estudo minucioso de cada unidade, polo que, aos efectos deste informe non se consideran xustificados ditos rendementos aínda que si os prezos da maquinaria e persoal unitarios.

A.2. *Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares).*

. Non se especifica existencia de disposición de materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares), aínda que se menciona a cercanía das instalacións da empresa ao lugar das obras.

## *B. Maquinaria*

### *B.1 Aluguer e/ou contratación*

*. Relación da maquinaria con incitación detallada dos prezos.*

Non se detaia aluguer de maquinaria na oferta achegada. Toda a empregada para a execución da obra afirmase en propiedade.

### *B.2 Medios Propios.*

*. Relación detallada da maquinaria.*

Axúntase relación detaiada de maquinaria propia. Se baixan os prezos da maquinaria sinalados en proxecto xustificándose en que é propia e está amortizada.

Diminúense tamén, sen embargo, os rendementos da mesma sen outra explicación que a característica da maquinaria e a experiencia dos operarios en obras similares sen outro tipo de análise que avale os valores adoptados.

Examinada a maquinaria prevista en aluguer e a propia se se entende suficiente para a realización dos traballos detaiados en proxecto.

### *C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.*

Inclúese relación valorada, seguindo a estrutura das partidas do proxecto.

Concorda no caso das partidas e os prezos achegados respecto dos materiais achegando ademais cartas de compromiso para a xustificación dos mesmos.

Cabe dicir que se modifican os rendementos de persoal e maquinaria incluídos en proxecto, aportándose outros de cuxa obtención non se aporta máis dato que a afirmación no documento, de carácter xeneralista, a de ter persoal experimentado en obras similares, sen ningunha outra xustificación de carácter técnico que poida explicar a obtención dos rendementos aportados.

### *2. Volume de obra:*

*Neste caso deberá xustificar o licitador que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados*

En relación á solvencia da empresa achegase clasificación da empresa, cartas de compromiso de boa execución de obras asinadas por funcionario da Consellería do Medio Rural e do Mar, e pola Arquitecta Técnica do Concello de Betanzos.

Achégase igualmente relación de solvencia da empresa mediante a facturación da mesma durante os anos 2017 e 2018 superando amplamente o importe da obra a licitar.

Achegase relación entra as obras contratadas ou en execución e como incide nos prezos ofertados. Non obstante como se mencionou con anterioridade non se xustifican os rendementos adoptados mais alo da xeneralidade do argumentario de experiencia en obras similares sen estudo ao respecto.

*3. Relación entre custo laborais fixos e volume de obra contratada:  
Xustificárase mediante a achega da nómina e boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación do persoal fixo e declaración responsable da obra en execución.*

Achégase relación nominal de traballadores

Achégase relación nominal de traballadores e copia das nóminas dos mesmos a satisfacción do sinalado para a contratación das obras.

*4. Cumprimento de obrigas salariais:  
Presentáranse declaración e xustificación de cumprimento das obrigas salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos.*

Axúntase declaración responsable de que a empresa atópase ao corrente dos pagos das nóminas dos seus traballadores, das obrigas con facenda e coa seguridade social.

*5. Relación de subcontratos programados e carta de compromisos de subcontratistas:*

Non se explicita a necesidade de subcontratación.

Visto o considerado no presente informe, enténdese que a documentación achegada por CONSTRUCCIONES ROCHA CORRAL, S.L co fin de rachar a presunción de temeridade na oferta, achega xustificacións de carácter xeral pero sen especificar de onde se obteñen os valores empregados para os rendementos de persoal e maquinaria na cuantificación da oferta, ou alo menos sen facer referencia á comos e obten a cuantificación dos mesmos

Cabe concluír que a documentación presentada pola empresa non da xustificacións específicas ao requirimento e, polo tanto, non se considera totalmente xustificada.

Polo tanto dáse traslado do presente informe ao órgano de contratación para a súa consideración no procedemento de contratación.

Para que conste, asino o presente en Aranga, a vinteseis de agosto de dous mil dezanove

○ Arquitecto

Asdo. ANTONIO LOPEZ RODRÍGUEZ